

α

## Benaventuranzas, o mundo ao revés

Xesús, quero ser benaventurado, feliz, mirando cara ao ceo, cando se me invita soamente a cravar os meu ollos na terra, nas cousas.  
Quero, Señor Xesús, quero ser benaventurado, feliz Mirando cara ao ceo, cando se me convida soamente a cravar os meus ollos na terra, nas cousas.  
Quero, Señor, un mundo ao revés:  
onde a riqueza sexa tida como pobreza,  
onde a pobreza sexa exaltada como riqueza,  
onde aqueles que choran sexan cánticos de gloria e onde aqueles que rin saiban que, a súa alegría, é en pouco tempo nada. Quero, Señor, un mundo ao revés: un mundo de benaventuranzas e felicidade, un mundo de corazóns baleiros de trastes, un mundo co corazón cheo de ti.  
Só ti, Señor, tes o segredo para conseguilo: sufrindo polos outros, brindándose a axudalos, sendo limpos de corazón ou perseguidos por seguirte. Por iso, amigo e Señor, porque o mundo non vai ben axúdanos, coas benaventuranzas,



# Benaventuranzas



...giro de timón, cambio de rumbo  
que le da la vuelta al mundo



Os nenos queremos a paz <https://www.youtube.com/watch?v=f6aoizYJKfo>  
Sinte a paz, Unai Quirós: <https://www.youtube.com/watch?v=mxnYBly9aYo>

# Ordinario 4º-A

- **SOFONÍAS 2, 3; 3, 12-13:** *Deixarei no medio de ti un pobo humilde e pobre.*

Buscade o Señor os humildes da terra, os que practican o seu dereito, buscade a xustiza, buscade a humildade, quizais poidades resgardarvos o día da ira do Señor. Deixarei en ti un resto, un pobo humilde e pobre que buscará refuxio no nome do Señor. O resto de Israel non fará máis o mal, non mentirá nin haberá engano na súa boca. Pastarán e descansarán, e non haberá quen os inquiete.

*Palabra do Señor.*

**SAL. 145: R/. Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o reino dos ceos.**

- **1ª CORINTIOS 1, 26-31:** *Deus escolleu o débil do mundo.*

Fixádevos na vosa asemblea, irmáns: non hai nela moitos sabios no humano, nin moitos poderosos, nin moitos aristócratas; senón que, o **neccio do mundo escolleuno Deus** para humillar os sabios, e o débil do mundo escolleuno Deus para humillar o poderoso. Aínda máis, escolleu a xente baixa do mundo, o desprezable, o que non conta, para anular o que conta, de modo que ninguén poida gloriarse en presenza do Señor. A el débese que vós esteades en Cristo Xesús, o cal se fixo para nós sabedoría de parte de Deus, xustiza, santificación e redención. E así —como está escrito—: «o que se glorie, que se glorie no Señor». *Palabra do Señor.*

- **MATEO 5, 1- 12:** *Benaventurados os pobres.*

**Narrador:** Naquel tempo, ao ver Xesús o xentío, subiu ao monte, sentou e achegáronselle os seus discípulos; e, abrindo a súa boca, ensinábaos dicindo:

**Xesús:** «**Benaventurados os pobres no espírito**, porque deles é o reino dos ceos. Benaventurados os mansos, porque eles herdarán a terra. Benaventurados os que choran, porque eles serán consolados. Benaventurados os que teñen fame e sede da xustiza, porque eles quedarán saciados. Benaventurados os misericordiosos, porque eles alcanzarán misericordia. Benaventurados os limpos de corazón, porque eles verán a Deus. Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. Benaventurados os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o reino dos ceos. Benaventurados vós cando vos insulten e vos persigan e vos calumnien de calquera modo pola miña causa. Alegrádevos e divertídevos, porque a vosa recompensa será grande no ceo».

*Palabra do Señor.*

*(Narrador- Xesús)*



## Benaventuranzas, cambio de rumbo para darlle volta ao mundo...

### 1. VER: A pola remontada

No fútbol ás veces sucede que, ao chegar ao descanso, un equipo descobre que o partido se lle vai das mans e polo tanto hai que reaccionar para non perder o partido. Entón o adestrador inventa unha estratexia totalmente distinta, mete a algúns xogadores que estaban no banco e intentan gañar, intentan a remontada. Xesús no evanxeo de hoxe atópase con tanta xente infeliz, así que lle dá un envorco á maneira de ser e de vivir e indícalles o camiño para ser felices.

**Nos noso ambientes, a quen consideramos felices?**

### 2. XULGAR: As benaventuranzas, un cambio de rumbo

No evanxeo deste domingo Xesús ensínanos un camiño distinto ao que tantas veces buscamos para ser felices. Dinos: **“Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o reino dos ceos”**.

Benaventuranzas, película: <https://www.youtube.com/watch?v=MYQ7JpZrSGQ>

#### Que NOS QUERE DICIR XESUS?

- O domingo pasado embarcabámonos con Xesús, El agora anuncia as benaventuranzas dando un xiro ao temón que dá o volta mundo...
- Xesús descobre que entón como hoxe o que nos move é **a procura de ter bens materiais, riqueza, pasalo ben, triunfar...**
- Xesús quere que os que o seguimos **sexamos felices**.
- Pero **Xesús pon o mundo patas para arriba** e dinos que son felices os pobres, os mansos, os que choran, os limpos de corazón, os misericordiosos, os que se comprometen coa verdade e a xustiza...
- **Por que son felices?** Son felices porque a súa situación de vida vai cambiar, porque se aferran á súa fe, porque saben que Deus non os vai abandonar... Son felices porque se levantan cada día sabendo que non están sos, que Deus escoita a súa angustia e a súa situación cambiará. E por iso levan outra cara, outra forma de mirar, de vivir, de esperar... Ademais saben que “deles é o Reino dos ceos” e que é Deus o que os fai felices!

A Boa ventura, Verbo Divino 2023, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ybqA40zIBHo>

**Que vos parece esta proposta de Xesús? É viable hoxe?**

### 3. ACTUAR: Déixate conducir por Xesús

- Non te deixes levar pola moda, polos slogans da sociedade, déixate conducir por Xesús. Serás feliz, Xesús farate feliz. Mira que cambio de rumbo necesita a túa vida para deixarche levar por El. E pensa que Deus é consolo, fortaleza.
- Busca a alegría no interior, no corazón, non nas cousas de fóra.
- Non esquezas que ser de Xesús é dar voz aos que o pasan mal, ser artesáns de paz... “Benaventurados os que traballan pola paz” Xornada da paz, 30 de xaneiro.

Benaventuranzas, Toño Casado (Musical 33): <https://www.youtube.com/watch?v=uWKLf2cLjxs>

**En que poderías mellorar? Que imos facer?**